

# RAIGAME

## *A estética do alén*

Antonio Piñeiro

Cando o francés Niepce logrou inmortalizar o patio da súa casa, alá polos abrentes dos anos 30 do século XIX –conseguindo realizar así a que pasa por ser a primeira imaxe fotográfica permanente da historia– e o seu compatriota Daguerre logrou fixar algunhas outras imaxes nunha placa de cobre prateada, a sociedade comezou definitivamente a abandonar a idea de que o presente é sempre algo fuxidío e con data de caducidade.

Denantes, tan só uns cantos privilexiados con fondos para sufragaren os onerosos servizos dun pintor e os non menos sufridos traballos de posado no estudo, eran quen de poderen gozar da inmortalidade plástica dun retrato. E nin así da imaxe real, porque a obra ía sempre impregnada da subxectividade artística do autor e da súa pericia manual no oficio.

Pero, a partir daquel momento máxico, todo mudou e o concepto inexorable do paso do tempo transformouse nunha sorte de interpretación do instante que fixo que os actos sociais, festas e romarías (nas que tiñan lugar os momentos máis

ledos, e polo tanto máis susceptibles de seren inmortalizados polo ser humano), se volveran lugares de referencia ineludible para aqueles pioneiros que engaiolados polo poder case sobrenatural que outorgaba a posibilidade de paralizar o mundo das tres dimensións nun momento determinado, dedicaron as súas vidas a conxelar as vidas dos seus semellantes.

Así foi cómo a fotografía se volveu un elemento imprescindible de decoración en tódolos fogares, porque axudaban a revivir momentos xa pasados e a compartir, cando menos visualmente, experiencias vividas por outros, xa fosen preto dun ou a milleiros de quilómetros.

Con estes antecedentes, cando empezamos a pensar no deseño de Raigame e na intención de recrear, o Día das Letras Galegas, un gran escenario da nosa cultura en Vilanova dos Infantes para devolver á vida de forma periódica un tempo que en moitos casos xa se foi, loxicamente non podiamos obviar o engado da fotografía e o influxo que a mesma tivo para conservar costumes e incluso espazos en moitos casos perdidos. E non só iso,

senón tamén para axudar a que no futuro esa recreación que inexorablemente tamén se irá convertendo en pasado –esa estética do alén–, poida ser contemplada polos que nos sucedan.

Por iso, para pechar o círculo descritivo que inicialmente abrimos coas palabras rimadas de Curros Enríquez na súa inigualable lenda da Virxe do Cristal, consideramos necesario convocar cada ano ós amantes da fotografía co fin de que, a través das súas singulares e en moitos casos intransferibles miradas, foran decidindo en cada edición aquilo que está chamado a superar o efémero e quedar fixado no tempo; agora, xa non con daguerrotipos, nin placas de cristal xelatinadas con bromuro, nin sequera con películas de celofán, senón con píxeles de dous díxitos e infinitas posibilidades estéticas e cromáticas.

E para iso como complemento organizamos un concurso de fotografía que nos ten dado tantas alegrías visuais como sensitivas nos ten ofrecido a propia romaría. E máis, se cabe, porque os que cada ano participan nel non son, senón, fieis asistentes que acoden primeiro a gozar do ambiente anual que se recrea en Vilanova dos Infantes e logo a seleccionar aqueles momentos, aquelas cenas e aquelas estampas que a xeito de escolma

natural –como dixen denantes– serán, co tempo, aquelas que non esmorecerán e que pasarán á pequena historia desta Romaría.

A casualidade –ou non– quixo que o primeiro premio da primeira edición fose titulada polo seu autor como –A roda do tempo–. A roda de afiar, que tanto identifica a nosa idiosincrasia de sobreviventes e de viaxantes polo mundo, aparecía aquí nun primeirísimo plano, que logo sería repetido –o primeirísimo plano, digo– en multitude de ocasións por tódolos concursantes, corroborándonos así que Raigame forma parte das cousas fermosas, que estabamos colaborando para crear algo fermoso, porque só as cousas fermosas resisten os primeirísimos planos.

As mans, tan importantes nos oficios, as ferramentas, tan necesarias para desenvolvelos, o espazo, as perspectivas, os nenos –Ai!, os nenos, tan importantes para o futuro–, as perspectivas, os espazos, as vestimentas. Todo, ó longo destas dez edicións, ten aparecido nesas ducias e ducias de fotografías que cada ano nos remiten os concursantes para amosarnos visións que en moitos casos nos pasaron desapercibidas, pero que, gracias a ese marabilloso invento da fotografía, han quedar na nosa retina para sempre.